

## **CIRCULAR 56-2017**

- A todas as Delegacións (\*)
  - A todos os assembleistas
  - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **XI CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE MONTAÑA E DAS CATEGORÍAS JUNIOR, PROMESA E VETERÁN**

Esgos (Ourense), 11 de Xuño do 2017

**Art.1)** A Federación Galega de Atletismo e o Concello de Esgos organizará o Campionato de Galicia de Montaña que terá lugar o domingo **día 11 de Xuño** na localidade de Esgos.

**Art.2)** Poderán participar todos atletas nados no ano 1999 e anteriores que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2016/17) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.
  - Segundo acordo de Asamblea os atletas extranxeiros maiores de 18 anos que estén nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campionatos Galegos.

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 6 de Xuño do 2017.**

**Art.4)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

**Art.5)** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.6)** A saída está prevista para as 11:00 horas diante da Casa do Concello de Esgos. A carreira discurrirá por un percorrido de 13 kilómetros aproximadamente.

**Art.7)** Haberá postos de avituallamiento para os participantes.

**Art.8)** Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas que estará aberta ata 15 minutos antes da saída. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>  
- 15008 - A CORUÑA



**Art.9)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

**Art.10).** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2016-2017), da R.F.E.A. e da I.A.A.F. por este orden

Dolores Rojas Suarez  
Secretaria Xeral da FGA

(Asdo. no Orixinal)  
A Coruña, a 23 de Maio de 2017